



A/A: FAMILIAS DO FRANCISCO VALES VILLAMARIN

Dende o ANPA BRIGANTIUM, queremos comunicarvos o estado actual do ANPA, para que así poidades entender a situación na que nos atopamos.

Este curso 24/25 é o ano no que menos familias temos rexistradas. De 56 familias rexistradas o ano pasado, este ano só validaron a calidade de socio 34 familias. Cousa que nos parece inverosímil xa que no colexio hai un total de **885 alumnos** sen contar as novas matriculas que van xurdindo durante o curso.

Doutra banda, queremos comunicarvos que a directiva da ANPA actualmente está formada por 6 persoas, 3 das cales este ano deixaran de ser parte da mesma. Isto lévanos a unha situación que temos que valorar.

De non conseguir máis apoios por parte das familias, que estean interesados en formar parte do anpa de maneira activa, **verémonos na tesitura de ter que valorar o peche da mesma, xa que con 3 pais a situación sería insostible.**

O ano pasado, na reunión anual xa expresamos a nosa preocupación respecto diso, pero seguimos sen ver melloría.

Gustaríanos poder continuar con esta labor. Aínda que para moitos pase desapercibido, como ANPA estamos no Consello Escolar para achegar o noso gran de area, reunímonos cos diferentes partidos políticos para expresar as nosas preocupacións, dirixímonos á Consellería de Cducación cando é necesario e sobre todo preocupámonos polo benestar dos alumnos matriculados neste centro.

Gustaríanos que as familias nos trasladasen as súas preocupacións de maneira máis activa, para así nós estar ao tanto de todo o que sucede no noso centro. Xa que moitas veces decatámonos de sucesos unha vez pasado moito tempo e non somos coñecedores dos mesmos.

Sabemos que temos que tentar mellorar moitos aspectos e por iso pedimos a vosa colaboración, para conseguir entre tod@s a continuidade deste ANPA e poder ofrecer o servizo que nos incumbe a todas as familias e alumnado deste centro.

Un saúdo de parte do ANPA BRIGANTIUM.